



EXCMO. CONCELLO DE  
BAIONA

## **NOTA DE PRENSA:**

### **ABERTO O PRAZO DE SOLICITUDES PARA PARTICIPAR NO REAL MERCADO MEDIEVAL DA ARRIBADA 2019**

Dende este luns 14 de xaneiro ata o 1 de febreiro ambos inclusive, estará aberto o prazo de inscricións para participar no Real Mercado Medieval da Arribada 2019.

Todas aquelas persoas que o dexesen poderán solicitar posto de venda no Real Mercado Medieval que este ano cumpre a súa 24 Edición e na que se conmemora o 526 Aniversario da Arribada. A Festa celebrarase o 1, 2 y 3 de marzo de 2019, sendo o venres 1 de marzo festivo local en Baiona. Poderanse descargar tanto as bases Reguladoras como a solicitude (Anexo I e II) na páxina web do Concello [www.baiona.org](http://www.baiona.org) a partir do luns 14 de xaneiro. Así mesmo, para dúbidas e aclaracións habilitarase un teléfono de consultas 986356282 de luns a venres en horario de 17:00-19:00h.

A organización da festa porá a disposición dos artesáns, 70 tenderetes do Concello, que serán sorteados de entre todas as solicitudes, o sábado 9 de febreiro ás 11:00h no Salón de Plenos e posteriormente colocados e numerados nas rúas peonís do recinto histórico medieval da arribada.

A organización da festa xa está traballando para que o 526 Aniversario da Arribada conmemórese como se merece, por todo o alto.

Concellería de Cultura,

Baiona, Festa da Arribada 2019